



Entidade Local Menor de Bembrive

Sres. vogais da Xunta Veciñal
da ELM de Bembrive

Participo a vostede que o Sr. Alcalde Pedáneo con data 26 de abril de 2021 adoptou a seguinte resolución que se transcribe literalmente:

*“No uso das facultades que teño conferidas pola lexislación vixente, convoco aos señores Vocais da Entidade Local Menor á **sesión ordinaria** da Xunta Veciñal que terá lugar o vindeiro xoves, día 29 de abril de 2021, ás vinte horas, na Sede da Entidade Local Menor de Bembrive, que se celebrará coas restricións establecidas polas autoridades sanitarias debido ao COVID-19, retransmitido en directo a través de vídeo na páxina web www.bembrive.org para garantir o principio de publicidade, coa orde do día que se recolle máis abaixo. De non acadarse quórum, a sesión será dous días máis tarde á mesma hora. Todo elo de conformidade co recollido no art. 80 do R.D. 2568/86.*

ORDE DO DÍA

I. PARTE RESOLUTIVA:

1. Actas anteriores:
 - Núm. 2/2021, do 30 de marzo de 2021.
2. Constitución, se procede, da Asociación Galega de Entidades Locais Menores, aprobación dos Estatutos e adhesión da ELM de Bembrive a citada Asociación.
3. Subvencións. Concesión de subvención prevista nominativamente na base 20-Bis das de Execución do Orzamento de 2021, expte. 14/2021.

II. PARTE DE CONTROL:

4. Resolucións da alcaldía – pedanía.
5. Rogos e preguntas.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición con carácter potestativo no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da recepción da notificación do acordo, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses dende o día seguinte ó da recepción da notificación”.

O que lle notifico aos efectos oportunos.

A Secretaria – Interventora.